



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraidesdiaruna.es

SESION PLENARIA SESION PLENARIA ORDINARIA

DIA VENRES 8 DE MARZO DE 2019

No SALÓN PLENOS CONCELLO DE FRADES, cando son as 14:30 horas do día venres 8 de marzo de 2019, a fin de celebrar Sesión ordinaria convocada previamente para este día, reúnense os seguintes concelleiros:

D^a. María Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Jesús Francos Sánchez, D. Ramón Garabato Boga, D. Óscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. Juan Carlos Portos Bra, D. José María Pérez Lagos, D^a. Nelly Iglesias Rey, D^a Lorena Suárez Pardo; baixo a Presidencia de D. Roberto Rey Martínez como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria accidental do Concello Nieves Mandayo Vázquez.

ORDE DO DÍA.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Coñecida polos/as asistentes, a través de correo electrónico, a acta da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 1 de febreiro de 2019.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que o Pleno, por unanimidade ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 1 de febreiro de 2019.

2.- DACIÓN EN CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.-

Dáse conta dos decretos da Alcaldía dende o Decreto número 2018/201 de data 11-11-2018 ata o Decreto número 2019/38 de data 04-03-2019; que foran remitidos por correo electrónico aso concelleiros xunto coa convocatoria deste Pleno.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

3.- ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE HONRAS, DISTINCIÓNS E NOMEAMENTOS AUMENTANDO OS TIPOS DE DISTINCIÓNS.

O Alcalde-Presidente procede a dar lectura á proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:

<< Vista Ordenanza de Honores e distinción do Concello de Frades publicada no BOP o 11/03/09, na que se relaciona os tipos de distincións a conceder.

Visto o escrito presentado polos veciños do Concello de Frades no que se solicita que se distinga a figura de D. Manuel Cortiñas Pontón.

Visto que a distinción que se solicita no é ningunha das previstas na Ordenanza antes mencionada, xa que se pretende que se recoñece a súa figura a través dun monolito ou o dándolle o nome dunha rúa.

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN,

PRIMEIRO.- *Modificar o artigo 4 da Ordenanza de Honores e distinción do Concello de Frades, de tal maneira que quede redactado da seguinte maneira:*

“Pueden ser de los siguientes tipos:

A) DISTINCIONES HONORÍFICAS.- *Las distinciones honoríficas pueden referirse a su vez a dos tipos de distinciones*

1.- Hijo predilecto.-

El Título de hijo predilecto solo puede concederse a personas nacidas en este Municipio que tengan un prestigio reconocido y haya contribuido de alguna forma a la mejora del Municipio de Frades.

2.- Hijo adoptivo.-

El título de hijo adoptivo puede concederse a quienes habiendo nacido fuera del Municipio, posean méritos suficientes que le hagan merecedor de esta distinción.

B) CONDECORACIONES.-

MEDALLAS.- *La Medalla del Ayuntamiento de Frades tiene carácter de condecoración Municipal, puede otorgarse a los fradenses de nacimiento, a vecinos de Frades y a cualquier otra personalidad nacional o extranjera que por sus especiales servicios y méritos a esta Comunidad se hayan hecho acreedores, de modo notorio y patente trasciendan el ámbito municipal al público reconocimiento y a la gratitud general.*



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesdioruna.es

MONOLITOS.- La creación de monolitos en conmemoración de los fradenses de nacimiento , a vecinos de Frades y a cualquier otra personalidad nacional o extranjera que por sus especiales servicios y méritos a esta Comunidad se hayan hecho acreedores, de modo notorio y patente trasciendan el ámbito municipal al público reconocimiento y a la gratitud general. Estos monolitos podrán conter una placa conmemorativa que faga referencia ao homenaxeado, un busto ou similares.

C) BIENES PÚBLICOS.- Esta distinción consistirá en dedicar el nombre de un bien municipal concreto, destinado fundamentalmente a un uso público, a la persona objeto de la distinción consistente en este acto. También se puede otorgar el nombre de calles.

SEGUNDO.- Someter o Expediente -con carácter posterior a dicha aprobación inicial- a Información Pública e Audiencia dos interesados por prazo de trinta días para presentación de reclamacións e suxerencias.

TERCEIRO.- En caso de que non se presente ningunha reclamación o suxerencia entenderase definitivamente adoptado o presente acordo quedando facultado expresamente o Alcalde-Presidente para a sua publicación e execución.>>

Votacións:

Votos a favor: 11

3 BNG

8 PP

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

4.- ASUNTO: INICIO DE EXPEDIENTE DE DISTINCIÓNS E HONRAS A D. MANUEL CORTIÑAS PONTÓN.-

O Alcalde- Presidente procede a dar lectura ao escrito presentado polos veciños do Concello de Frades con rexistro de entrada número 2019/87 de 15 de febreiro de 2019 no que se solicita que se distinga a figura de D. Manuel Cortiñas Pontón, mestre que exerceu na parroquia de Gafoi nos anos 50, 60 e 70 do século XX.

O Alcalde explica que se iniciará o expediente pertinente para confirmar que esta persoa é merecedora dunha honra tal como solicitan os veciños de Gafoi, e en tal caso barallase a opción de instalar unha placa ou monolito co nome de Manuel Cortiñas na antiga escola onde exercía como mestre.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

O Alcalde ofrece a posibilidade a calquera concelleiro ou concelleira da corporación para incoar dito expediente, pero dado que todos o rexeitan, nomea como responsable ó Concelleiro de Ensino, Manuel Ferreiro. Unha vez rematada a instrución deste expediente volverase á levar a un Pleno para a súa aprobación.

Votacións:

Votos a favor: 11

3 BNG

8 PP

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

5.- ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IAE:

O Alcalde-Presidente procede a dar lectura á proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:

<< Vista a redacción actual da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Actividades Económicas do Concello de Frades.

Visto o artigo 4 relativo as bonificacións do Imposto de Actividades Económicas, faise referencia a intervalos de bonificación sen fixar cifras exactas, o que pode dar lugar a interpretación erróneas da normativa de aplicación.

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN,

PRIMEIRO.- *Modificar o artigo 4 da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Actividades Económicas do Concello de Frades, de tal maneira que quede redactado da seguinte forma:*

“(…)Artigo 4.

Establécese unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraadesdiaruna.es

A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo

75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo

50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Esta bonificación manterase durante 3 exercicios orzamentarios a partir da súa aprobación.”

SEGUNDO.- *Someter o Expediente -con carácter posterior a dicha aprobación inicial- a Información Pública e Audiencia dos interesados por prazo de trinta días para presentación de reclamacións e suxerencias.*

TERCEIRO.- *En caso de que non se presente ningunha reclamación o suxerencia entenderase definitivamente adoptado o presente acordo quedando facultado expresamente o Alcalde-Presidente para a súa publicación e execución.>>*

Votacións:

Votacións:

Votos a favor: 11

3 BNG

8 PP

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

6.- ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL IVTM

O Alcalde-Presidente procede a dar lectura á proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fradesdioruna.es

<<Vista a redacción actual da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículo de Tracción Mecánica do Concello de Frades.

Vista que a bonificación contida no artigo 9.3 referida a familias numerosas non é procedente por non estar incluída no artigo 2.3.5 da TRLHL como un dos supostos de bonificación potestativa.

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN,

PRIMEIRO.- Eliminar a bonificación as familias numerosas contemplada no artigo 9.3 da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículo de Tracción Mecánica do Concello de Frades.

SEGUNDO.- Someter o Expediente -con carácter posterior a dicha aprobación inicial- a Información Pública e Audiencia dos interesados por prazo de trinta días para presentación de reclamacións e suxerencias.

TERCEIRO.- En caso de que non se presente ningunha reclamación o suxerencia entenderase definitivamente adoptado o presente acordo quedando facultado expresamente o Alcalde-Presidente para a súa publicación e execución.>>

Votacións:

Votacións:

Votos a favor: 11

3 BNG

8 PP

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

7.- ASUNTO: ADHESIÓN AO PACTO DE ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA

O Alcalde-Presidente procede a dar lectura á proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:

<<MODELO DE ACORDO PLENARIO PARA ADHERIRSE Á INICIATIVA EUROPEA DO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA

A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors´ Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométese a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión. O PACES inclúe:

- 1) un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación;*
- 2) unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático;*

Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.

O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesdioruna.es

A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía e o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de promover e apoiar aos concellos de Galicia na súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, a lo menos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto, e estean todos os concellos de mais de 20.000 habitantes.

Coñecedor da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático como Alcalde/Alcaldesa do Concello de Frades recoñezo que o noso compromiso esixe:

- 1. Un liderado político forte:*
 - Definir obxectos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos.*
 - Unha interacción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas;*
- 2. Un enfoque territorial integral e intersectorial.*
- 3. A asignación dos recursos humanos, técnicos e financeiros axeitados:*
 - O compromiso de todas as partes implicadas nos nosos territorios.*
 - O empoderamento dos cidadáns como consumidores proactivos “prosumers” e participantes nun sistema enerxético responsable e sensible á demanda.*
- 4. Accións inmediatas, medidas flexibles e efectivas para agora e para o futuro, “non regresivas”.*
- 5. A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética.*
- 6. Revisar periodicamente ns nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados.*

Por todo iso, este Concello quere sumarse ao PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA e apoiar esta iniciativa, necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello. E para que conste, eu D Roberto Rey Martínez alcalde desta Corporación, comprométome a:

- 1. Reducir as emisións de CO2 no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.*



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraadesdiaruna.es

2. *Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.*
3. *Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para eo Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.*
4. *Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.*
5. *Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.*
6. *Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e regionais da Unión Europea.*
7. *Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.*
8. *Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.*
9. *Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.>>*

O portavoz do BNG toma a palabra para expresar que a teoría está moi ben pero hai que facer máis práctica.

Votacións:

Votacións:

Votos a favor: 11

3 BNG

8 PP

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraidesdioruna.es

8.- ASUNTO: MOCIÓNS.

Non hai mocións.

8.-ASUNTO: INFORMES.

1. 8M, Día Internacional da Muller.

O Alcalde, Roberto Rey Martínez explica os actos celebrados no concello con motivo da celebración do 8M, Día internacional da Muller que se desenvolveron principalmente no CPI de Ponte Carreira e a través do CIM con un proxecto de viñetas e vídeo de conmemoración.

A Concelleira de asuntos sociais, dona Angeles Alvarez Carro procede á dar lectura á declaración institucional con motivo da conmemoración do día 8 de marzo, DÍA INTERNACIONAL DE MULLER 2019, proposta pola FEGAMP:

<< *DECLARACIÓN INSTITUCIONAL*

8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER 2019

A aprobación da Constitución española marcou un antes e un despois na vida dunha cidadanía que, ata 1978, vivira sumida nun dos períodos máis escuros da nosa historia recente marcado, entre outros aspectos, pola discriminación contra a muller.

Moitos concellos, a partir das primeiras eleccións municipais de 1979, comezaron a incluír a dimensión de xénero no conxunto da vida municipal apostando pola creación de centros de asesoría e servizos ás mulleres, contribuíndo á modernización da Administración e á formulación das novas políticas do estado de benestar.

En 1983, unha delegación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) formada por 15 alcaldesas e concelleiras, ao seu regreso do I Encontro Europeo de Electas Locais e Rexionais de Europa, celebrado en Pisa, elevaba á Comisión Executiva da FEMP unha proposta para a creación dun grupo de traballo sobre a muller.

A partir dese momento, facendo propio que “o persoal é político”, a FEMP puxo sobre a mesa a necesidade de asegurar a progresiva incorporación da muller á sociedade activa, a importancia de revelar o papel que tiñan as mulleres e a urxencia de abordar a recuperación do seu protagonismo a través das políticas locais. Empezouse a falar de igualdade en postos de toma de decisións, de paridade nas asembleas electas e da importancia de contar con mulleres referente.

Logo chegou o II Encontro Europeo de Mulleres Electas Locais e Rexionais, reunido en Santiago de Compostela, en 1986 e con el, a creación dunha Subcomisión da Muller na FEMP, o



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraudesdioruna.es

chamamento para crear as condicións adecuadas para unha maior participación das mulleres e, en definitiva, a estratexia que marcaría a acción futura. Seguíronlle os Encontros Europeos de Mulleres electas locais de Anveres (1988) e de Heidelberg (1992)

“Somos a metade da terra, queremos a metade do ceo e a metade do poder!”. Con estas palabras, Vicenta Bosch i Panca, alcaldesa de Bonrepós i Mirambell e presidenta da Comisión de Igualdade da FEMP en 1991, proclamou as demandas das mulleres con ocasión da Conferencia de Nacións Unidas Beijing + 15, que acolleu Nova York, no ano 2000.

O 8 de marzo, Día Internacional da Muller, é sempre unha invitación para reflexionar sobre os avances alcanzados en materia de igualdade de xénero e unha oportunidade para centrar a acción e fixar cara a onde queremos dirixirnos. Con todo, cando se cumpren 40 anos de democracia local, esta oportunidade obriga a mirar atrás para non esquecer de onde vimos.

O 3 de abril de 1979, España daba a benvida ás “103 alcaldesas do 79”, as primeiras 103 alcaldesas, mulleres pioneiras e valentes que decidiron dar un paso á fronte e liderar o cambio nas súas vilas e cidades.

40 anos máis tarde, hai 1.565 alcaldesas en España. Neste tempo, foron as corporacións locais quen introduciron e impulsaron a necesidade de reflexionar ao redor da evolución das políticas de igualdade, do seu impacto e da súa evolución, asumiron o papel de axente de cambio e desvelaron as contradicións do sistema, as desigualdades entre mulleres e homes, as discriminacións que sufrían e sofren as mulleres e achegaron solucións desde o coñecemento das persoas e das súas necesidades.

Por todo iso, os gobernos locais reunidos na FEMP:

– Convidamos a todas as entidades locais a adherirse a esta declaración e sumámonos a todas as voces que claman por un futuro sen discriminación por razón de xénero, onde homes e mulleres formen parte da nosa sociedade en igualdade de dereitos e responsabilidades.

– Recoñecemos a valentía das 103 alcaldesas do 79, que abriron o camiño do cambio e que contribuíron a crear referentes para todas as mulleres que hoxe asumen postos de decisión en tantas corporacións locais.

– Reafirmamos o noso compromiso coa cidadanía e coas súas necesidades, coa igualdade de trato e de oportunidades e co mandato constitucional que persegue o pleno establecemento dunha igualdade real e efectiva.

– Recoñecemos a importancia de continuar traballando na erradicación das actitudes e os comportamentos cotiáns que, instalados na vida diaria, reproducen e perpetúan a desigualdade.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

– *Insistimos na necesidade de intensificar os esforzos no desenvolvemento de políticas encamiñadas a fomentar o emprego e o emprendemento, a educación para a igualdade de oportunidades, a incorporación das mulleres na sociedade da información e o apoio ás mulleres que viven no ámbito rural.*

– *Reclamamos a necesidade de dotar as entidades locais dos medios necesarios para levar a cabo as competencias que nos devolveu o Pacto de estado en materia de violencia de xénero para garantir o impulso de actuacións que contribúan á convivencia, o progreso e o desenvolvemento social e económico sustentable.*

40 ANOS DE DEMOCRACIA LOCAL>>

A concellería do BNG Nelly Iglesias, toma a palabra para poñer de relevancia que aínda que o de hoxe é un pleno ordinario, dado que coincide co día da folga, podería haberse cambiado de día. Pon de manifesto que está moi ben poñer voz a tódolos logros conseguidos pola mulleres ás que lles debemos estar sentadas hoxe aquí, pero tamén quere facer constar que esta conmemoración debería producirse os 365 días do ano.

O Alcalde, Roberto Rey, pide desculpas por non haber tido en conta a data de celebración do pleno, e fai constar que tampouco o BNG solicitou o cambio de día por mor da folga.

O portavoz do BNG, José María Pérez Lagos, recorda que pola tarde hai unha convocatoria en Santiago para todos aqueles que desexen acudir.

2. Informe do Alcalde respecto ó posto de secretaria-interventora.

O Alcalde, Roberto Rey toma a palabra para explicar a situación do posto de secretaria interventora, pasando a ler a Resolución de Expediente Disciplinario da Dirección Xeral de Administración Local con data 28/12/2018 co tenor literal seguinte:

<<Asunto: Expediente disciplinario. Resolución

Instruído expediente disciplinario a María Chao Carballeira, pola presunta comisión de feitos que poden ser constitutivos de faltas disciplinarias graves tipificadas no artigo 186.1 da Lei 2/2015 do 29 de abril, de emprego público de Galicia, dítase a presente RESOLUCIÓN, baseada nos seguintes:

I. ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- María Chao Carballeira, DNI 46895452Q, é funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional pertencente á Subescala de Secretaría-intervención con destino definitivo no posto de secretaria-intervención no Concello de Frades desde o 12 de abril de 2018.

SEGUNDO.- Por escrito de data 3 de xullo de 2018, o Concello de Frades pon en coñecemento da Dirección Xeral de Administración Local os feitos acontecidos de forma reiterada desde a súa incorporación ao concello.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraadesdiaruna.es

Tres traballadores da corporación e o 3º teniente de alcalde, con data 29 de xuño de 2018 denuncian ante a Alcaldía que son vítimas de insultos e ameazas por parte de María Chao Carballeira e que esta funcionaria intenta acceder aos seus ordenadores e obxectos personais cando eles non están presentes.

No expediente de denuncia constan tamén fotografías da deterioración do despacho debido a que a interesada fuma nas ditas dependencias e fai un uso inadecuado do mobiliario.

Ademáis a alcaldía engade que desde a súa incorporación ao concello non redactou as actas correspondentes ás 6 reunións da Xunta de Goberno Local, nin certifica para os interesados os acordos adoptados nestas, e incluso non asistiu á reunión da xunta de Goberno Local de 16 de maio de 2018. En ocasións négase a convocar as ditas reunións.

Así mesmo, denuncia a falta de emisións de informes necesarios para a tramitación do expediente de contratación do servizo de "Brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais".

Non enviou tampouco a Liquidación do ano 2017, nin realizou os informes preceptivos de estabilidade e da regra de gasto, que foron feitos finalmente coa asistencia da Deputación Provincial.

TERCEIRO.-Con data 20 de agosto de 2018 a directora xeral de Administración Local ditou acordo de incoación de expediente disciplinario a María Chao Carballeira, o que se lle notificou á interesada con data 7 de setembro de 2018.

No citado acordo de incoación establécese que a comisión dos feitos descritos pode ser constitutiva das faltas disciplinarias graves tipificadas no artigo 186.1 e), f) e i) da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Concretamente, os feitos que presuntamente se lle imputaban na denuncia de probarse como certos poderían ser constitutivos das faltas graves seguintes: "A desconsideración grave con calquera persoa con que se relacione no exercicio das súas funcións", "Causar dano grave á conservación dos locais, ao material e aos demais elementos relacionados co servizo ou dar lugar, por negligencia inescusable, á súa deterioración, perda, extravió ou substración", e "A falta inustificada de rendemento que afecte o normal funcionamento dos servizos, sempre que non constituía falta moi grave".

CUARTO.- Con data 10 de setembro e 20 de setembro, a directora xeral de Administración Local nomea respectivamente, instrutora do expediente disciplinario a Patricia Rodríguez Franco e secretaria a Mª de las Mercedes Hernández López.

Patricia Rodríguez Franco é funcionaria de carreira do grupo A1 do Corpo Superior de Administración Xeral da Xunta de Galicia.

QUINTO.- Iníciase a instrución do expediente o 21 de setembro de 2018, cando a instrutora do procedemento realiza un intento de toma de declaración a María Chao Carballeira, remitindo a citación ao concello no que desempeña os seus servizos, para que prestara a declaración prevista no artigo 21 do Decreto 94/1991 o día 28 de setembro.

Consta no expediente que a instrutora tentou todas as formas posibles de notificación deste trámite de toma de declaración da inculpada, pero todas resultan infructuosas xa que rexeitou recollelas por calquera dos medios utilizados. O dereito á defensa queda garantido, xa que a falta de declaración se debe a que non recolle as citacións practicadas de distintas formas e en distintos momentos tal e como queda acreditado no expediente.

SEXTO.- Como proba dos feitos que se lle imputan á inculpada, a instrutora toma as seguintes declaracións

O día 5 de outubro a:

- Pilar Carro Veiras (traballadora municipal que asina o escrito de denuncia de 29 de xuño)



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

- Nieves Mandayo Vázquez (traballadora municipal que asina o escrito de denuncia de 29 de xuño)

- Mónica García Soage (traballadora municipal que asina o escrito de denuncia de 29 de xuño)

- Manuel Ferreiro Marzoa (3º Tenente alcalde que asina o escrito de denuncia de 29 de xuño)

- Roberto Rey Martínez (Alcalde, que formula a proposta razoada)

O 18 de outubro a:

- Alejandro Taboada Fernández (asesor xurídico externo que segundo se desprende do expediente puido ser testemuña dalgún dos feitos denunciados).

- José Manuel Roibás Vázquez (asesor xurídico externo que segundo se desprende do expediente puido ser testemuña dalgún dos feitos denunciados).

O 19 de outubro a :

- José Lino Espiñeira (traballador municipal que segundo se desprende do expediente puido ser testemuña dalgún dos feitos denunciados)

- Juan Carlos Prado Patiño (traballador municipal que segundo se desprende do expediente puido ser testemuña dalgún dos feitos denunciados)

Cada unha das declaracións anteditas constan no expediente instruído e remitido a este centro directivo, asinadas pola instrutora e a persoa declarante, respectivamente.

SÉTIMO.- A instrutora realizou o día 17 de outubro un novo intento de citación a María Chao Carballeira para acudir ao seu despacho o día 19 de outubro ás 11:00 horas, para ver e comprobar o estado do seu despacho e do mobiliario do mesmo. A citación foi expresamente rexeitada segundo dilixencia asinada polo funcionario desta Administración que tentou facer a notificación. Consta así mesmo no expediente dilixencia emitida pola instrutora e secretaria do expediente na que se fai constar que o día 19 de outubro á hora sinalada se personaron no despacho da secretaria interventora, resultando que non había ninguén, polo que non se puido acceder ao mesmo.

OITAVO.- Consta no expediente como probas adicionais que a instrutora solicitou documentación ao Concello de Frades o día 16 de outubro co obxecto de aclarar algún dos extremos contidos no expediente disciplinario.

NOVENO.- Con data 7 novembro de 2018 a instrutora elabora o prego de cargos de conformidade co previsto no artigo 23 do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A instrutora tentou todas as formas posibles de notificación, pero todas resultan infructuosas xa que a inculpada rexeitou recollelas por calquera dos medios utilizados. Consta no expediente dilixencia da instrutora e secretaria para facer constar que de conformidade co establecido no artigo 41.5 da Lei 39/2015, da Lei de Procedemento Administrativo Común, dáse por efectuado o trámite da notificación e continúaase co procedemento.

DÉCIMO.- Con data 19 de novembro a instrutora aos efectos de efectuar o trámite de vista do expediente cita á inculpada o venres 30 de novembro ou ben o luns 3 decembro en horario de 10 a 14 horas na Delegación Territorial da Xunta de Galicia na Coruña.

María Chao Carballeira rexeitou as citacións efectuadas, e non compareceu nin o día 30 de novembro nin o día 3 de decembro.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

Consta no expediente dilixencia da instrutora e secretaria para facer constar que de conformidade co establecido no artigo 41.5 da Lei 39/2015, da Lei de Procedemento Administrativo Común, dáse por efectuado o trámite da notificación e continúaase co procedemento.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Instruído o expediente e á vista dos documentos que constan neste e das declaracións recabadas, e tendo en conta a proposta de resolución da instrutora de 5 de decembro de 2018, resultan probados os seguintes feitos:

1- que por parte de María Chao Carballeira profírense insultos, ameazas e outras faltas de consideración consistentes en acceder a ordenadores e documentos doutros traballadores, faltas de puntualidade na asistencia ás sesións dos órganos colexiados, así como crear un ambiente insalubre por fumar nas dependencias municipais.

2- que por parte de María Chao Carballeira existe unha falta de rendemento inxustificada que afecta ao normal funcionamento do servizo xa que non asiste ao alcalde nas convocatorias da Xunta de Goberno Local, non levanta acta das sesións da Xunta de Goberno Local, nin certifica os acordos adoptados nelas.

Tamén consta que non elaborou dous informes de legalidade solicitados e que lle correspondería emitir polo exercicio das súas funcións, sen embargo si que consta a súa participación noutros trámites.

3- que incumpriu ordes ou instrucións dos superiores xerárquicos relacionadas co servizo ou das obrigas concretas do posto de traballo xa que non notifica as convocatorias de sesións da Xunta de Goberno Local quedando acreditado no expediente cando menos tres providencias do alcalde de 27 de abril, 9 de maio e 12 de xuño nas que dispoñe que a secretaria elabore e convoque á Xunta de Goberno Local sen que realice ningún trámite ao respecto. Trátase de funcións propias do seu posto de traballo.

De acordo co procedemento instruído e cos feitos declarados probados a instrutora do procedemento ditou a proposta de resolución nos seguintes termos:

“Á vista das actuacións practicadas en fase de instrución, e dos feitos considerados probados, e tendo en conta o grado de intencionalidade, descuido ou negligencia que se revela na conduta de María Chao Carballeira, o dano producido ao interese público e dos particulares, así como o grao de participación, PROPOÑO que se sancione a María Chao Carballeira cunha sanción de suspensión firme de funcións de DOUS ANOS. A suspensión implica a perda do posto de traballo.”

A instrutora tentou todas as formas posibles de notificación da dita proposta de resolución, pero todas resultan infructuosas xa que a inculpada rexeitou recollelas por calquera dos medios utilizados. Consta no expediente dilixencia da instrutora e secretaria para facer constar que de conformidade co establecido no artigo 41.5 da Lei 39/2015, da Lei de Procedemento Administrativo Común, dáse por efectuado o trámite da notificación e continúaase co procedemento.

II. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Esta Dirección Xeral de Administración Local é competente para coñecer do asunto, segundo o disposto no artigo 22 do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e de conformidade coa Lei 7/2007, do 12 de abril que aproba o estatuto básico do empregado público (BOE nº 89, do 13 de abril), a Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia (DOG nº 82, do 4 de maio) e o Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (BOE nº 67, do 17 de marzo).

Segundo.- Resultan probados coa instrución do expediente os seguintes feitos imputados na denuncia a María Chao Carballeira e que constitúen as faltas disciplinarias que se indican a continuación:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraadesdiaruna.es

1- Insultos, ameazas e outras faltas de consideración consistentes en acceder a ordenadores e documentos doutros traballadores, faltas de puntualidade na asistencia ás sesións dos órganos colexiados, así como crear un ambiente insalubre por fumar nas dependencias municipais, que supoñen a comisión da falta grave prevista no artigo 186.1.e) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia, que establece como falta grave “a desconsideración grave con calquera persoa coa que se relacione co exercicio das súas funcións”.

2- A non realización de trámites e actuacións esenciais ao seu posto de traballo como falta de asistencia inxustificada á Xunta de Goberno Local, non realizar as actas dos órganos colexiados, non emitir certificacións dos acordos da Xunta de Goberno Local, nin doutros certificados necesarios para os cidadáns, non elaboración de dous informes de legalidade necesarios na instrución de expedientes do concello que quedan perfectamente determinadas no expediente e que supoñen “a falta inxustificada de rendemento que afecte ao normal funcionamento dos servizos, sempre que non constitúa falta moi grave”; cualificada como falta grave no artigo 186.1.i) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia.

3- O incumprimento das ordes ou instrucións dos superiores xerárquicos relacionadas co servizo ou das obrigas concretas do posto de traballo xa que non notifica as convocatorias de sesións da Xunta de Goberno Local quedando acreditado no expediente cando menos tres providencias do alcalde de 27 de abril, 9 de maio e 12 de xuño nas que dispoñe que a secretaria elabore e convoque á Xunta de Goberno Local sen que realice ningún trámite ao respecto. Trátase de funcións propias do seu posto de traballo e que supoñen “o incumprimento das ordes ou instrucións dos superiores xerárquicos relacionadas co servizo ou das obrigacións concretas do posto de traballo, así como as negligencias das que deriven ou poidan derivar prexuízos graves para o servizo” cualificado como falta grave no artigo 186.1.a) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia..

Terceiro.- De acordo co disposto no artigo 64 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico os funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, as sancións previstas pola comisión das faltas graves descritas, e que polo tanto poden ser de aplicación, son as seguintes:

-Destitución que implicará a perda do posto de traballo, coa prohibición de obter destino na mesma corporación na que se cometeron as faltas que deron lugar á sanción, no prazo que se fixe co máximo de 3 anos.

-Suspensión firme de funcións, cunha duración máxima de 3 anos. A suspensión firme de funcións implica a perda do posto de traballo cando sexa superior a 6 meses.

No apartado terceiro do artigo 96 do Estatuto Básico do Empregado Público dispónse que “o alcance de cada sanción establecerase tendo en conta o grao de intencionalidade, descoído, ou negligencia que se revele na conduta, o dano ao interese público, a reiteración ou reincidencia, así como o grao de participación”.

Así mesmo, no artigo 94 de idéntica norma establécese que a potestade disciplinaria exercerase de acordo cos principios que enumera, entre outros, o principio de proporcionalidade, aplicable tanto á clasificación das infraccións e sancións como a súa aplicación.

Da instrución do expediente se deduce que María Chao Carballeira reiterou e reincidiu nos insultos e ameazas ao persoal do concello e ademais durante a tramitación do expediente amosou unha falta total e absoluta de colaboración na instrución do expediente xa que en ningún momento recolleu as notificacións realizadas por diversos medios, nin realizou alegación algunha durante a instrución do expediente.

Ademais, a súa conduta impide o normal funcionamento do concello, tanto polo comportamento cos seus compañeiros como coa súa actitude obstrutiva no desempeño da función de fe pública que lle corresponde ao non emitir certificados aos cidadáns ou realizar as actas e informes necesarios para que a actividade do concello sexa normal. As ditas funcións son esenciais e inherentes ao seu posto de traballo, da mesma forma que o que presta os seus servizos.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fradesdioruna.es

Este comportamento supón unha desprotección dos intereses xerais do concello e dos cidadáns ao impedir o normal funcionamento dos servizos públicos.

Por todo o exposto, visto o Decreto 94/1991, do 20 de marzo polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público e demais normativa aplicable:

PROPOÑO:

IMPOÑER a MARÍA CHAO CARBALLEIRA, a sanción de suspensión firme de funcións durante dous anos de acordo co seguinte

A.8 meses pola “desconsideración grave con calquera persoa coa que se relacione co exercicio das súas funcións” establecida no artigo 186.1.e) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia e cualificada como grave.

B.8 meses pola “falta inxustificada de rendemento que afecte ao normal funcionamento dos servizos, sempre que non constituía falta moi grave” establecida no artigo 186.1.i) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia e cualificada como grave.

C.8 meses polo “incumprimento das ordes ou instrucións dos superiores xerárquicos relacionadas co servizo ou das obrigacións concretas do posto de traballo, así como as negligencias das que deriven ou poidan derivar prexuízos graves para o servizo”. establecida no artigo 186.1.a) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia e cualificada como grave.

Esta sanción implica a perda do posto de traballo no Concello de Frades por supoñer unha suspensión firme de funcións superior a 6 meses.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, poderá a interesada interpoñer recurso contencioso-administrativo, á súa elección, ante o Xulgado do contencioso-administrativo do seu domicilio, ou ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, de conformidade co disposto nos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, sen prexuízo da facultade de interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou a resolución no prazo dun mes contado dende o día seguinte da súa notificación, consonte co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, de 2 de outubro de 2015).

esta resolución segundo o esixido nos artigos 40 a 44 da citada Lei 39/2015.

*A Subdirectora xeral de Réxime Xurídico Local
(documento asinado dixitalmente)
Ascensión Labella Lozano*

De acordo coa proposta formulada pola subdirección xeral,

RESOLVO:

*A directora xeral de Administración Local
(documento asinado dixitalmente)*

Marta Fernández-Tapias Núñez>>

A continuación o Alcalde pasa a ler a resolución definitiva administrativamente comunicada o día 19 de febreiro de 2019 co tenor literal seguinte:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

<< ASUNTO: firmeza resolución disciplinaria

Con data 28 de decembro de 2018 a Dirección Xeral de Administración Local ditou resolución disciplinaria pola que se sanciona a María Chao Carballeira a 24 meses de suspensión de funcións pola comisión de tres faltas cualificadas como graves de conformidade coa normativa que lle resulta de aplicación.

María Chao Carballeira, DNI 46895452Q, é funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional pertencente á Subescala de Secretaría-intervención con destino definitivo no posto de secretaria-intervención no Concello de Frades desde o 12 de abril de 2018.

Con data 28 de decembro de 2018 este centro directivo puxo a disposición de María Chao Carballeira na sede electrónica, mediante o sistema notifica.gal, a notificación da resolución de suspensión provisional de funcións de data 28 de decembro de 2018. Así mesmo, con esa mesma data, realízase notificación da citada resolución polo servizo de Correos ao seu domicilio particular e ao seu posto de traballo nese concello. Tras realizar o servizo de correos dous intentos de notificación fallidos por ausencia da interesada así como a posta a disposición da notificación na oficina de Correos correspondente en cada caso, o servizo de Correos devolveu á Dirección Xeral de Administración Local a Resolución xunto co seu xustificante de recepción

O 17 de xaneiro de 2019, para asegurar a eficacia do acto, procedeuse a intentar de novo a notificación por entrega directa dun funcionario da Administración notificante, resultando segundo dilixencia asinada polo dito empregado, que a mesma foi rexeitada expresamente por María Chao Carballeira.

Á vista do anterior, e segundo o previsto no artigo 41.5 da Lei 39/2015, da Lei de Procedemento Administrativo común, deuse por efectuado o trámite da notificación aos efectos de continuar coa tramitación do expediente.

Sendo válida a notificación do 17 de xaneiro de 2019, e dado que non consta que a interesada teña presentado en prazo recurso administrativo de reposición, comunícolle que a Resolución do 28 de decembro de 2018 ditada no procedemento disciplinario incoado con data 20 de agosto de 2018, pola que se suspende de funcións a María Chao Carballeira adquire firmeza en vía administrativa desde o 19 de febreiro de 2019 e resulta executiva desde a dita data, polo que ese concello terá que tramitar o cesamento definitivo de María Chao Carballeira no seu posto de traballo a partir do 19 de febreiro de 2019 e no prazo máximo dun mes, e notifícalo a este centro directivo para os efectos da súa inscrición no Rexistro integrado de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Ascensión Labella Lozano

Subdirectora xeral de Réxime Xurídico Local>>

Roberto Rey Martínez, explica que unha vez recibida a notificación de firmeza da sanción, ó día seguinte emitiuse decreto de cese da secretaria María Chao Carballeira, solicitando o nomeamento da funcionaria Nieves Mandayo Vázquez como secretaria accidental en tanto non se incorpore un novo secretario ou secretaria.

3. Informe do Alcalde referido ó Convenio da Consellería de Medio Ambiente para o proxecto de Humanización entorno centro de saúde de Abellá.

O Alcalde informa da sinatura dun Convenio coa Consellería de Medio Ambiente para urbanizar e humanizar o entorno do centro de saúde de Abellá cun importe que ascende a 123.256,15 €.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

4. Informe Plan Mellora de Camiños Municipais de Medio Rural:

O Alcalde Informa dos camiños que irán incluídos no Plan de Mellora de Camiños Municipais 2019 con un importe total de 71.941,76 €:

- Camiño de Ledoira a Céltigos
- Camiño na Agra de Igrexa á Añá.
- Camiño de Vilarxoán ó Casal.

9.- ASUNTO: ROGOS E PREGUNTAS

- O portavoz do BNG, José María Pérez Lagos toma a palabra para propoñer que se publique un Bando avisando ós propietarios de terreos con plantacións próximas ás vivendas para que procedan a cortalas para gardar as distancias de plantacións.

O Alcalde contesta que se enviou un díptico a tódalas casas explicando a nova normativa de distancias e que en tódolos folletos de actividades se recolle na última páxina un resumo da norma.

- O portavoz do BNG, José María Pérez Lagos procede a ler un rogo con respecto á celebración da Festa dos Maiores prevista para o próximo día 26 de maio:

<<Viña sendo habitual que o grupo de goberno do Concello de Frades organizara a Festa dos maiores no último sábado do mes de maio. Esta ano coincide coa xornada de reflexión previa ás eleccións municipais. O BNG entende, dado que nada hai que impida que poida ser noutra data, por razóns de hixiene democrática, ou simplemente, por razóns de aparencia democrática, debería facerse noutra data. Ademais, a Lei Orgánica 5/1985 do Réxime Electoral Xeral establece prohibicións ou limitacións a actos organizados ou financiados polos poderes públicos desde a convocatoria de eleccións até que estas se celebren. O feito de que a Festa se celebre na xornada de reflexión engadiría, se cabe, maior gravidade á situación e deixaría en mal lugar non só ao grupo de goberno senón ao propio concello de Frades.

É por todo o anterior que o grupo municipal do BNG de Frades, entendendo que está previsto que no 2019 tamén haxa Festa dos Maiores en Frades, roga que, á maior brevidade, se proceda a sinalar data para a Festa fóra dos períodos regulados pola Lei do Réxime Electoral Xeral>>



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraudesdiaruna.es

O Alcalde contesta que no artigo 50 da Lei Electoral é onde se recollen os actos prohibidos na campaña electoral, e que esta Festa non se pode considerar como tal, por ser unha festa cunha programación permanente na que non se realizan actos de campaña.

O Alcalde recorda que a esta Festa están invitados todos os membros da Corporación e que non se levarán a cabo ningún tipo de acto de campaña nin agasallos ós maiores, á excepción do recoñecemento dos maiores dos 90 anos.

- O portavoz do BNG toma a palabra para preguntar pola situación do alpendre ruinoso de Vilar de Gafoi.

O Alcalde contesta que xa se actuou nun dos alpendres e que unha vez se incorpore a secretaria ou secretario continuarase co expediente.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 15:145 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde- Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo :Nieves Mandayo Vázquez

Asdo.: Roberto Rey Martínez



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraidesdiaruna.es

José María Pé

6.4.- MANIFESTO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER 8 DE MARZO DE 2017.-

A concelleira do grupo municipal do PP Dona Ángeles Álvarez Carro da lectura ao manifesto co teor literal seguinte:

<<Á SOMBRA DOS NÚMEROS

Cada 8 de marzo saen á luz moitas estatísticas. Números que nos informan do que se vai avanzando na eliminación da desigualdade. Que nos dan conta do que se fixo, do que se está a facer e do que se fará. Que nos alertan sobre o queda por facer, sobre o que non se está facendo ou sobre o que se está facendo mal. Estes números forman a nosa percepción da situación, que será positiva ou negativa con respecto ao último 8 de marzo.

Pero as cifras agachan moitas veces outras cifras ocultas, menos mencionadas, menos analizadas. Esas sombras ocultan realidades case sempre negativas. É o noso labor poñer luz sobre elas para sacalas da escuridade.

Os números din que os homes van asumindo responsabilidades familiares e a realización das tarefas do fogar.

A súa sombra di que a maior parte do peso ségueno asumindo as mulleres. A parella ou a nai: mulleres que perpetúan os coidados e as responsabilidades.

Os números din que no dilema de elixir entre traballo e responsabilidades familiares, as mulleres escollen o duro camiño do medio: traballadora e coidadora.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraadesdiaruna.es

A súa sombra di que se lles esixe ser as responsables da boa marcha da relación de parella, da educación das fillas e fillos, do coidado das persoas dependentes e da permanencia destas no fogar.

Os números din que se unha parella se rompe, o coidado das fillas e fillos queda a cargo da nai, e a manutención compártese co pai a través da pensión de alimentos. A súa sombra di que nun número importante de casos esta pensión non se paga de maneira regular, ou non ten en conta desembolsos importantes para a familia.

Os números din que a incorporación das mulleres a traballos remunerados segue superando cifras de décadas anteriores.

A súa sombra di que cando as mulleres deciden traballar as condicións nas que acceden aos postos de traballo non son óptimas. Que os contratos a tempo parcial son asinados maioritariamente por mulleres. Que moitos deses contratos a tempo parcial son xornadas completas encubertas.

Os números din que algunhas mulleres non acceden a prestacións contributivas por xubilación porque non cotizaron o tempo suficiente ou que as súas pensións son máis baixas polo tipo de contrato mantido.

A súa sombra di que moitas mulleres traballan parte da xornada, o tempo completo ou incluso máis en economía somerxida, na que non cotizan polo seu traballo á Seguridade Social.

Os números din que a fenda salarial se reduce en determinados ámbitos e profesións, e que existe paridade entre salarios de igual valor.

A súa sombra di que moitas mulleres perciben salarios inferiores aos que reflecten as súas nóminas. Que realizan numerosas horas extra non retribuídas. Que non acceden a postos para os que teñen formación.

Os números din que as ausencias do posto de traballo están repartidas entre homes e mulleres.

A súa sombra di que se o motivo é a propia persoa, faltan máis os homes que as mulleres. Se o motivo é dalgún outro membro da familia, é a muller a que non vai traballar.

Os números din que a esperanza de vida das mulleres é maior.

A súa sombra di que esa vida máis lonxeva non é de maior calidade. A situación social e laboral mingua a saúde das mulleres: dobres xornadas, falta de descanso, tensión...

Os números din que as mulleres participan maioritariamente en actividades deportivas, aínda que o xénero segue marcando un nesgo na elección das actividades.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

A súa sombra di que moitas mulleres non poden realizar actividades deste tipo por non poder compatibilizalas coas responsabilidades familiares ou por carecer de recursos económicos suficientes.

Os números din que os medios de comunicación seguen sendo un factor clave na transmisión dunha imaxe moderna e non estereotipada da muller.

A súa sombra di que os medios seguen transmitindo os roles tradicionais e a súa importancia para garantir o equilibrio social.

Como entidade local e no ámbito das nosas competencias temos unha responsabilidade: ter sempre presentes estas estatísticas, estes números. E tamén, por suposto, esas sombras. Fagamos do noso traballo diario un esforzo por impedir que a desigualdade recupere posicións.

Debate:

O Alcalde- Presidente explica que o manifesto acordouse pola Mancomunidade e foi elaborado polo Centro de Información á Muller. Expressa o seu agradecemento, así como aos colexios Castelao e o da Ponte.

Votacións:

Votos a favor: 11

3 BNG

8 PP

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Resultado: Unanimidade

Estado Moción: Aprobada

7.- INFORMES DA ALCALDÍA.-

1.-Solicitáronse as seguintes subvencións:

- Fondo de compensación ambiental.
- Axencia de Turismo. Subvención sinalización de recursos turísticos no medio rural “ Promoción de Frades como destino turístico intelixente”.
- Vicepresidencia: “Melloras nos vestiarios do campo de fútbol de Abellá”
- Plan PEL da Deputación: 25.000 euros. 1 tractorista e catro peóns.

2.-Execución de obras:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesdioruna.es

- Esta Alcaldía informa do fin dos drenaxes e obras nas pontes financiadas polo Medio Rural e Concello.

- Atópase en execución as dúas obras do PAS 2015:

- “PAS 2016.-. EXPTE CO 8.2016 MELLORAS NA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA DE FRADES NO LUGAR DE AIAZO E OUTROS.- (Falta clorado, arranxo de bomba...).
- “PAS 2015.- EXPTE CO 6.2016 ACONDICIONAMENTO EXTERIOR DE LOCAIS SOCIAIS EN PONTE CARREIRA E OUTROS”.-

3.- Reclamación Subministro telefónico:

Na Xunta de Goberno Local do pasado 10 de marzo de 2016 acordouse formalizar unha reclamación ante o Ministerio de Industria e Turismo, acompañada dunha relación de afectados, debido a que afectou a 32 vivendas que sufriron deterioro, e estiveron 25 días sen servizo.

4.- Actividades:

- ENTROIDO:

Realizouse o concurso de disfraces e obradoiros de máscaras. Houbo que retirar un dos premios porque os participantes non eran de Frades

- ACTIVIDADES BALNEARIO:

Consta de 35 participantes. Os martes do mes de marzo. Aprobadas por Decreto da Alcaldía e douse conta á XGL.

- ACTIVIDADES PRIMAVERA E SEMANA SANTA

O Alcalde- Presidente procede a repartir un folleto a cada un dos concelleiros/as.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O Alcalde- Presidente concede a palabra ao concelleiro do BNG Don José María Pérez Lagos que intervén para preguntar se as actas do Pleno están na páxina web do Concello. O Alcalde-Presidente responde que si, que este mes estará operativa a nova páxina web onde están colgadas tódalas actas dos órganos colexiados deste Concello e convocatorias do Pleno.

A continuación o concelleiro do BNG Don José María Pérez Lagos intervén para facer dous rogos:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

1.- Que os contedores que están situados nos eixes principais de Frades estean ben amarrados. O Alcalde- Presidente afirma que espera instalar a suxeición dos colectores este mes.

2.- Queremos que se retiren os niños da abella asiática, en tódolos Concellos estanse a instalar trampas. O Alcalde- Presidente sinala que queda por confirmar unha charla por un membro da Asociación de Apicultura en Frades, e que dende o Concello estase a facer todo o posible.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 15:35 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde-Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo.: Roberto Rey Martínez

Asdo: Carmen Gómez Otero.